

CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

OBSERVATORIO URBANO DE PONTEVEDRA

INFORME SOCIOECONÓMICO

2019



Universidade de Vigo



ECOBAS

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

OBSERVATORIO URBANO DE PONTEVEDRA
INFORME SOCIOECONÓMICO

2019

Edita:



**CONCELLO DE
PONTEVEDRA**

**Autores: Pedro Froilán Figueroa Dorrego
Daniel Gallego Ortigueira**

Grupo de Investigación da Universidade de Vigo
G4 PLUS Desenvolvemento estratéxico: organizacións e
territorios. Membro de ECOBAS - Economics and
Business Administration for Society

Imprime:

Depósito legal:

PRESENTACIÓN DO INFORME



«O que non se define non se pode medir. O que no se mide, no se pode mellorar. O que non se mellora, degrádase sempre.»

-William Thomson, **Lord Kelvin**, físico e matemático



O presente quinto informe do Observatorio Urbano de Pontevedra, é a constatación e o resultado da cooperación permanente entre a Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra. Este documento é unha ferramenta eficiente para a toma de decisións dos diferentes axentes sociais implicados no desenvolvemento da cidade como un espazo dinámico e innovador. Pontevedra conta así cun informe único de información socioeconómica que constitúe un diferencial e unha oportunidade para o desenvolvemento local e unha cidadanía ben informada.

O presente informe continúa o traballo realizado nos pasados anos e inclúe, non só a información proporcionada directamente por fontes secundarias, se non que tamén incorpora información *ad hoc* de **datos** que proveñen de fontes de información que requiren consultas, solicitudes e tratamentos específicos. Exemplo disto son os datos de asociacionismo, educación universitaria e non universitaria, centros de investigación, padrón de habitantes, CHOP, Economía Social, BRILAT, polígonos empresariais, entre outros.

Nesta edición optouse por non incluír a información da Comarca de Pontevedra, e froito das suxestións realizadas polos axentes sociais optouse por afondar na información propia do Concello de Pontevedra, iniciando nesta edición un apartado de Centros de Investigación así coma un novo bloque denominado Atlas Estatístico que da comezo a unha serie de información gráfica xeorreferenciada. Tamén se avanzou en tratar e mostrar información por sexo sempre que a fonte dos datos o permite.

Coma todas os anos inclúese unha táboa de indicadores de posicionamento actualizada con novos indicadores (comparativa entre as sete grandes cidades de Galicia).

A pesar da incidencia da Covid-19 as fontes de información proporcionaron ou publicaron as estatísticas periodicamente por norma xeral, quedando sen actualizar un número moi reducido de indicadores. Para a elaboración deste informe traballouse cun volume de datos de 1.301.915 valores dos que unha vez tratados se recollen neste documento 19.674 datos repartidos en 2 bloques estruturais, 20 ámbitos, 69 variables e uns 205 indicadores distintos. Canta máis información se atope accesible aos diferentes axentes sociais e á cidadanía, mellor será o proceso de toma de decisións e os resultados para o desenvolvemento local que permita avanzar nunha Pontevedra dinámica, creativa e innovadora, atractiva para vivir e traballar.

Ao igual que o ano pasado poñemos a disposición dos axentes sociais e cidadanía a dirección de correo observatoriopontevedra@uvigo.es a través da cal pódese vehicular as suxestións e necesidades de mellora de cara á realización do **Informe 2019**.

O noso agradecemento á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Campus CREA) e a Concellaría de Promoción Económica da Cidade de Pontevedra por facer posible este cuarto informe e dar continuidade a este ilusionante proxecto.

Aos axentes sociais representados no Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra polas súas aportacións e apoio e aportacións á definición e mellora do sistema de información da cidade.

Reiterar unha vez máis os agradecementos á colaboración en todo momento do Instituto Galego de Estatística (IGE) pola súa labor e pola rapidez nas respostas en consultas e peticións de información específica así como a entidades ou institucións (Concello de Pontevedra, Universidade de Vigo, Partido Xudicial, CHOP, BRILAT, Delegación Territorial da Xunta, Consellería de Educación, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Misión Biolóxica de Galicia, Estación Fitopatolóxica Areeiro, Centro de Investigación Forestal de Lourizan, entre outros) que proporcionaron información *ad hoc* non dispoñible publicamente e que esixían un tratamento específico dos datos.

A todas e todos os compoñentes do equipo de apoio e asesoramento pola súa colaboración no desenvolvemento do Observatorio Urbano de Pontevedra.

Cita Informe 2018

«Os datos, organizados e empregados debidamente, poden converterse en información. A información, absorbida, comprendida e aplicada polas persoas, pode converterse en coñecementos. Os coñecementos aplicados frecuentemente nun campo, poden converterse en sabedoría, e a sabedoría é a base da acción positiva.»

- **Michael Cooley**. (Enxeñeiro), *Architect or Bee?*
Hogarth Press, London, UK, 1987.

Cita Informe 2017

«E que longas son as preguntas mentres non teñen resposta. Que longas son... Medran e medran, parten en cachos e cada cacho a fin nunha pregunta nova.»



- “O amor e as palabras”
María Victoria Moreno
(Escritora e profesora homenaxeada polo día das Letras Galegas 2018)

Cita Informe 2016

"É un erro capital teorizar antes de posuír datos. Insensiblemente un comeza a alterar os feitos para encaixalos nas teorías, en lugar de encaixar as teorías nos feitos"

- Sherlock Holmes (Sir Arthur
Ignatius Conan Doyle),

Cita Informe 2015

“Unha cidade é un corpo e unha mente, unha estrutura física, así como un repositorio de ideas e de información.”

- **David Byrne**, músico

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	14
COHESIÓN SOCIAL.....	20
POBOACIÓN	21
CENSO DE POBOACIÓN	22
POBOACIÓN POR ENTIDADE COLECTIVA	22
POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS	23
DENSIDADE DE POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS	24
ESTRUTURA DA POBOACIÓN	25
ESTRUTURA DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS	25
ESTRUTURA DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS	26
TAXAS POBOACIONAIS.....	27
TAXAS DE NATALIDADE, MORTALIDADE E NUPCIALIDADE DAS SETE CIDADES GALEGAS	27
TAXAS DE NATALIDADE, MORTALIDADE E NUPCIALIDADE DAS SETE CIDADES GALEGAS	28
IDADE MEDIA DA NAI AO NACEMENTO DO PRIMEIRO FILLO E Nº ESPERADO DE FILLOS POR MULLER DAS SETE CIDADES GALEGAS	29
IDADE MEDIA DA NAI AO NACEMENTO DO PRIMEIRO FILLO E Nº ESPERADO DE FILLOS POR MULLER DAS SETE CIDADES GALEGAS	30
TAXAS ESTRUCTURAIAS DA POBOACIÓN	31
TAXAS DA ESTRUCTURA DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	31
POBOACIÓN MENOR DE 4 ANOS	32
POBOACIÓN MENOR DE 4 ANOS NAS SETE CIDADES GALEGAS	32
MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN.....	33
MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	33
POBOACIÓN ESTRANXEIRA	34
EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN CON NACIONALIDADE ESTRANXEIRA NAS SETE CIDADES GALEGAS	34
SALDOS MIGRATORIOS	35
SALDO MIGRATORIO DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	35
SALDO INTERNO DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	36
SALDO EXTERNO DAS SETE CIDADES GALEGAS	37
POBOACIÓN SEGUNDO RELACIÓN ENTRE LUGAR DE NACEMENTO E RESIDENCIA.....	38
POBOACIÓN SEGUNDO RELACIÓN ENTRE LUGAR DE NACEMENTO E RESIDENCIA NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	38
RESIDENTES NO ESTRANXEIRO	39
POBOACIÓN DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA RESIDENTE NO ESTRANXEIRO INSCRITAS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	39
BENESTAR E SAÚDE	41
SERVIZOS HOSPITALARIOS	42
HOSPITAIS E CAMAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	42
RESUMO DE ACTIVIDADES DO CHOP E HOSPITAL DO SALNÉS.....	43
ENTORNO E CENTROS SANITARIOS	43
ENTORNO E CENTROS SANITARIOS (EVOLUCIÓN).....	44
DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURA BÁSICA.....	45
ACTIVIDADE ASISTENCIAL – CENTROS DE SAÚDE	46
CATEGORÍAS DIAGNÓSTICAS MAIORES DE HOSPITALIZACIÓN.....	47
EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE ASISTENCIAL NO CHOP	48
DETALLE DOUTRA ACTIVIDADE.....	49
DETALLE DOUTRA ACTIVIDADE.....	50

DETALLE EN FARMACIA	51
DETALLE DE ACTIVIDADE EN DOCENCIA, FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN	52
ACTIVIDADE ASISTENCIAL - HOSPITAIS	53
DETALLE DOUTRA ACTIVIDADE.....	54
<i>SERVIZOS EN ATENCIÓN PRIMARIA</i>	<i>55</i>
RECURSOS HUMANOS EN ATENCIÓN PRIMARIA NAS SETE CIDADES GALEGAS	55
<i>PERSOAS CON DISCAPACIDADE</i>	<i>56</i>
PERSOAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE NAS SETE CIDADES GALEGAS	56
<i>CENTROS ASISTENCIAIS.....</i>	<i>57</i>
ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS, CENTROS E PROGRAMAS COFINANCIADOS TODOS OU EN PARTE POLA XUNTA DE GALICIA NAS SETE CIDADES GALEGAS	57
PRAZAS EN CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS SEGUNDO ÁREAS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	58
PRAZAS EN CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS SEGUNDO TIPO NAS SETE CIDADES GALEGAS	59
EVOLUCIÓN DOS RATIOS DE ENTIDADES, CENTROS E PRAZAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	60
<i>ESPERANZA DE VIDA.....</i>	<i>61</i>
ESPERANZA DE VIDA AO NACER NAS SETE CIDADES GALEGAS	61
ESPERANZA DE VIDA AO NACER SEGUNDO O SEXO NAS SETE CIDADES GALEGAS	62
<i>EDUCACIÓN E FORMACIÓN.....</i>	<i>64</i>
<i>ENSINO NON UNIVERSITARIO.....</i>	<i>65</i>
ALUMNADO E PROFESORADO POR RÉXIME DE ENSINANZA NA CIDADE DE PONTEVEDRA (PÚBLICA E PRIVADA)	65
ALUMNADO POR RÉXIME E TIPO DE ENSINANZA NA CIDADE DE PONTEVEDRA (PÚBLICA E PRIVADA).....	66
ALUMNADO DE RÉXIME XERAL POR CENTROS E ENSINANZAS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (1/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	67
ALUMNADO DE RÉXIME XERAL POR CENTROS E ENSINANZAS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (2/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	68
ALUMNADO DE RÉXIME XERAL POR CENTROS E ENSINANZAS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (3/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	69
ALUMNADO DE RÉXIME XERAL POR CENTROS E ENSINANZAS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (4/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	70
ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS POR CENTROS E ENSINANZAS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (PÚBLICA E PRIVADA)	71
ALUMNADO POR CICLOS FORMATIVOS E TITULACIÓNS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (PÚBLICA E PRIVADA) (1/2)	72
ALUMNADO POR CICLOS FORMATIVOS E TITULACIÓNS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (PÚBLICA E PRIVADA) (2/2)	73
ALUMNADO DE RÉXIME ESPECIAL POR CENTROS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (1/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	74
ALUMNADO DE RÉXIME ESPECIAL POR CENTROS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (2/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	75
ALUMNADO DE RÉXIME ESPECIAL POR CENTROS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (3/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	76
ALUMNADO DE RÉXIME ESPECIAL POR CENTROS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (4/4) (PÚBLICA E PRIVADA)	77
<i>ENSINO UNIVERSITARIO</i>	<i>79</i>
GRADOS: ALUMNADO MATRICULADO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS.....	79
GRADOS: ALUMNADO TITULADO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS	80
GRADOS: ALUMNADO MATRICULADO NO CAMPUS DE PONTEVEDRA POR TITULACIÓNS.....	81
GRADOS: ALUMNADO TITULADO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA POR TITULACIÓNS	82
DOUTORAMENTO: ALUMNADO MATRICULADO POR PROGRAMAS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E TESES LIDAS.....	83
DOUTORAMENTO: ALUMNADO MATRICULADO POR PROGRAMAS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E TESES LIDAS.....	84
MESTRADOS: ALUMNADO MATRICULADO E EGRESADO POR TITULACIÓNS	85

PERSONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO POR CAMPUS E TIPO	86
<i>NIVEL DE ESTUDOS DA POBOACIÓN</i>	87
NIVEL DE ESTUDOS DA POBOACIÓN NAS SETE CIDADES GALEGAS	87
CENTROS DE INVESTIGACIÓN	88
<i>CENTROS DE INVESTIGACIÓN</i>	89
MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA	89
ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO	91
CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN	93
CULTURA E DEPORTE	96
<i>BIBLIOTECAS PÚBLICAS</i>	97
BIBLIOTECAS NODAIS E DAS DEPUTACIÓN (TOTALS)	97
BIBLIOTECAS NODAIS E DAS DEPUTACIÓN (RATIOS)	98
BIBLIOTECAS DOS CONCELLOS NAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS (TOTALS)	99
BIBLIOTECAS DOS CONCELLOS NAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS (RATIOS)	100
<i>EQUIPAMENTO DEPORTIVO</i>	101
EQUIPAMENTO DEPORTIVO NAS SETE CIDADES GALEGAS	101
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	103
<i>PARTICIPACIÓN ELECTORAL</i>	104
PARTICIPACIÓN NAS ÚLTIMAS ELECCIÓN NAS SETE CIDADES GALEGAS	104
HISTÓRICO DA PARTICIPACIÓN ELECTORAL NAS ELECCIÓN LOCAIS NAS SETE CIDADES GALEGAS	105
RESULTADO E PARTICIPACIÓN ELECTORAL NAS ELECCIÓN LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA	106
HISTÓRICO DA PARTICIPACIÓN ELECTORAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA	107
<i>ASOCIACIONISMO – REXISTRO DE ASOCIACIÓN</i>	108
ASOCIACIÓN NAS SETE CIDADES GALEGAS	108
ASOCIACIÓN NAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)	109
ASOCIACIÓN NAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)	110
ASOCIACIÓN CULTURAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	111
ASOCIACIÓN RECREATIVAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	112
ASOCIACIÓN DE DEFENSA DE INTERESES NAS SETE CIDADES GALEGAS	113
<i>ASOCIACIONISMO – REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS</i>	114
ENTIDADES DEPORTIVAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	114
ENTIDADES DEPORTIVAS NAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)	115
ENTIDADES DEPORTIVAS NAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)	116
INFRACCIÓN PENAS, ACTIVIDADE XUDICIAL E SEGURIDADE	118
<i>BALANCE DE INFRACCIÓN PENAS</i>	119
INFRACCIÓN PENAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	119
ÍNDICE DE INFRACCIÓN PENAS NAS SETE CIDADES GALEGAS	120
<i>ACTIVIDADE XUDICIAL</i>	123
TAXAS DE ACTIVIDADE XUDICIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS	123
TAXAS DE ACTIVIDADE XUDICIAL NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA	124
DETALLE DO NÚMERO DE ASUNTOS SEGUNDO XURISDICIÓN NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA	125
DETALLE DA RESOLUCIÓN DE ASUNTOS SEGUNDO XURISDICIÓN NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA	126
DETALLE DA EXECUCIÓN DE SENTENCIAS SEGUNDO XURISDICIÓN NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA	127
<i>POLICÍA LOCAL</i>	128
CADROS DE PERSONAL DA POLICÍA LOCAL NAS SETE CIDADES GALEGAS	128
SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	130
<i>SOCIEDADE DA INFORMACIÓN</i>	131
FOGARES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR NAS SETE CIDADES GALEGAS	131
FOGARES QUE DISPOÑEN DE DETERMINADOS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NAS SETE CIDADES GALEGAS	133
PERSONAS DE 16 OU MÁIS ANOS QUE EMPREGARON INTERNET PARA FACER XESTIÓN ANTE A	133
ADMINISTRACIÓN OU ORGANISMOS PÚBLICOS NOS ÚLTIMOS 12 MESES NAS SETE CIDADES GALEGAS ..	136

DETALLE DAS PERSOAS DE 16 OU MÁIS ANOS QUE EMPREGARON INTERNET PARA FACER XESTIÓNS ANTE A ADMINISTRACIÓN OU ORGANISMOS PÚBLICOS NA CIDADE DE PONTEVEDRA	137
---	-----

ECONOMÍA E EMPRESA 139

MERCADO LABORAL	140
<i>PARO REXISTRADO</i>	<i>141</i>
PARO NAS SETE CIDADES GALEGAS	141
EVOLUCIÓN DO PARO NAS SETE CIDADES GALEGAS	142
EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE PARADOS SOBRE A POBOACIÓN POTENCIALMENTE ACTIVA NAS SETE CIDADES GALEGAS	143
DETALLE DO PARO POR SEXO, IDADE E SECTOR NAS SETE CIDADES GALEGAS	144
<i>CONTRATOS REALIZADOS</i>	<i>145</i>
EVOLUCIÓN DOS CONTRATOS NAS SETE CIDADES GALEGAS	145
DETALLE DOS CONTRATOS DE TRABALLO REXISTRADOS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	146
<i>SALARIO BRUTO ANUAL</i>	<i>147</i>
SALARIO BRUTO ANUAL MEDIO NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	147
FENDA SALARIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS	148
<i>BASE DE COTIZACIÓN</i>	<i>149</i>
BASE DE COTIZACIÓN MEDIA NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	149
DETALLE DA BASE DE COTIZACIÓN MEDIA NAS SETE CIDADES GALEGAS	150
<i>AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL</i>	<i>151</i>
AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS	151
DETALLE DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS	152
DETALLE DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DA CIDADE DE PONTEVEDRA SEGUNDO A CONTA DE COTIZACIÓN – RÉX. XENERAL	153
PESOS DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DA CIDADE DE PONTEVEDRA SEGUNDO A CONTA DE COTIZACIÓN – RÉX. XENERAL	154
DETALLE DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL DOS RESIDENTES DA CIDADE DE PONTEVEDRA– RÉXIME XERAL	155
PESOS DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL DOS RESIDENTES NA CIDADE DE PONTEVEDRA – RÉXIME XERAL.....	156
DETALLE DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL DOS RESIDENTES DA CIDADE DE PONTEVEDRA – RÉXIME DE AUTÓNOMOS.....	157
PESOS DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL DOS RESIDENTES NA CIDADE DE PONTEVEDRA – RÉXIME DE AUTÓNOMOS	158
<i>ACCIDENTES LABORAIS</i>	<i>159</i>
ACCIDENTES LABORAIS CON BAIXA EN XORNADA DE TRABALLO NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	159
DATOS DOS FOGARES	160
<i>FOGARES E A SÚA COMPOSICIÓN</i>	<i>161</i>
FOGARES NAS SETE CIDADES GALEGAS E A SÚA COMPOSICIÓN (1)	161
FOGARES NAS SETE CIDADES GALEGAS E A SÚA COMPOSICIÓN (2)	162
<i>FOGARES CON DIFICULTADE PARA CHEGAR A FIN DE MES</i>	<i>163</i>
FOGARES SEGUNDO O GRAO DE DIFICULTADE PARA CHEGAR A FIN DE MES NAS SETE CIDADES GALEGAS	163
FOGARES SEGUNDO O GRAO DE DIFICULTADE PARA CHEGAR A FIN DE MES NAS SETE CIDADES GALEGAS	164
FOGARES NOS QUE OS INGRESOS POR PRESTACIÓNS REPRESENTAN MÁIS DUN 50%, 75% OU 100% DO TOTAL DOS SEUS INGRESOS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	165
FOGARES NOS QUE OS INGRESOS POR PRESTACIÓNS REPRESENTAN MÁIS DUN 50%, 75% OU 100% DO TOTAL DOS SEUS INGRESOS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	166
<i>INGRESOS DOS FOGARES</i>	<i>167</i>
INGRESOS MEDIOS MENSUAIS POR FOGAR DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	167
INGRESOS MEDIOS MENSUAIS POR PERSOA DAS SETE CIDADES GALEGAS	168
INGRESOS MEDIOS MENSUAIS POR UNIDADE DE CONSUMO DAS SETE CIDADES GALEGAS	169

INGRESOS MEDIOS MENSUAIS POR PERCEPTOR DE INGRESOS DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	170
<i>ESTRUTURA DOS INGRESOS DOS FOGARES</i>	<i>171</i>
ESTRUTURA DE INGRESOS DOS FOGARES DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	171
ESTRUTURA DE INGRESOS DOS FOGARES DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	172
<i>PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS</i>	<i>173</i>
NÚMERO DE PENSIONISTAS SEGUNDO PENSÍONS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	173
IMPORTE MEDIO DAS PENSÍONS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	174
<i>PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS</i>	<i>175</i>
BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	175
DETALLE DO NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	176
<i>RENDAS DE INSERCIÓN SOCIAL</i>	<i>177</i>
BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	177
BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS) NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	178
<i>GASTOS EN VIVENDA</i>	<i>179</i>
FOGARES QUE TEÑEN GASTO EN HIPOTECA DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	179
FOGARES QUE TEÑEN GASTO EN ALUGUER DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	180
GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	181
GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	182
<i>RISCO DE POBREZA</i>	<i>183</i>
TAXA DE RISCO DE POBREZA NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	183
TAXA DE RISCO DE POBREZA (ESTRATEGIA EUROPA 2020) NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	184
<i>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</i>	<i>185</i>
RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	185
<i>ESTRUTURA EMPRESARIAL</i>	<i>186</i>
<i>CENSO EMPRESARIAL</i>	<i>187</i>
CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	187
CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	188
CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS (SALDO).....	189
<i>FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS</i>	<i>190</i>
FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS CONSTITUIDAS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	190
EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE.....	191
EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE.....	192
EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE (EVOLUCIÓN).....	193
EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE (EVOLUCIÓN).....	194
<i>TAMAÑO DAS EMPRESAS</i>	<i>195</i>
TAMAÑO DAS EMPRESAS DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	195
TAMAÑO DAS EMPRESAS DA CIDADE DE PONTEVEDRA.....	196
<i>PRODUTO INTERIOR BRUTO</i>	<i>197</i>
PIB EN MILES DE EUROS DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	197
PIB EN EUROS POR HABITANTE DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	198
<i>VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB – INFORMACIÓN POR COMARCAS)</i>	<i>199</i>
VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB) DAS COMARCAS DAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS.....	199
VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB) DA COMARCA DE PONTEVEDRA POR RAMAS DE ACTIVIDADE.....	200
DETALLE DO VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB) DAS COMARCAS DAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS.....	201
<i>ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA</i>	<i>202</i>
<i>ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA</i>	<i>203</i>

ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA NAS SETE CIDADES DE GALICIA	203
SOCIEDADES LABORAIS.....	204
COOPERATIVAS.....	205
COOPERATIVAS.....	206
CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	207
INMOBLES E CONSTRUCCIÓN	208
<i>TRANSACCIONS INMOBILIARIAS</i>	<i>209</i>
NÚMERO DE TRANSACCIONS INMOBILIARIAS POR RÉXIME DE VIVENDA NAS SETE CIDADES GALEGAS	209
EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE TRANSACCIONS INMOBILIARIAS POR RÉXIME DE VIVENDA NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	210
NÚMERO DE TRANSACCIONS INMOBILIARIAS POR TIPO DE VIVENDA NAS SETE CIDADES GALEGAS	211
EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE TRANSACCIONS INMOBILIARIAS POR TIPO DE VIVENDA NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	212
<i>LICENZAS, EDIFICIOS E VIVENDAS SEGUNDO TIPO DE OBRA</i>	<i>213</i>
NÚMERO DE LICENZAS SEGUNDO TIPO DE OBRA NAS SETE CIDADES GALEGAS	213
NÚMERO DE EDIFICIOS SEGUNDO TIPO DE OBRA NAS SETE CIDADES GALEGAS	214
NÚMERO DE VIVENDAS SEGUNDO TIPO DE OBRA NAS SETE CIDADES GALEGAS	215
VIVENDAS QUE OBTIVERON LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN NA CIDADE DE PONTEVEDRA	216
TURISMO	217
<i>ALOXAMENTOS TURÍSTICOS</i>	<i>218</i>
ALOXAMENTOS TURÍSTICOS NAS SETE CIDADES GALEGAS	218
ALOXAMENTOS HOTELEIROS E PRAZAS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	219
PENSIÓNS E PRAZAS NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	220
<i>DEMANDA TURÍSTICA – CONCELLO DE PONTEVEDRA.....</i>	<i>221</i>
AFLUENCIA DE VISITANTES AO CONCELLO DE PONTEVEDRA E RANGOS DE IDADE	221
VISITANTES SEGUNDO MOTIVO DA VISITA E COÑECEMENTO PREVIO DA CIDADE.....	222
VISITANTES SEGUNDO TIPO DE ALOXAMENTO E DE TRANSPORTE	223
VISITANTES SEGUNDO LUGAR DE ALOXAMENTO.....	224
AFLUENCIA DE VISITANTES NACIONAIS SEGUNDO A PROCEDENCIA	225
AFLUENCIA DE VISITANTES INTERNACIONAIS SEGUNDO A PROCEDENCIA	226
<i>ESTATÍSTICAS DO CAMIÑO PORTUGUÉS.....</i>	<i>227</i>
PEREGRINOS DO CAMIÑO E ESTANCIAS EN ALBERGUES NA CIDADE DE PONTEVEDRA.....	227
PESCA E MARISQUEO	228
<i>PESCA FRESCA NA ZONA DE PONTEVEDRA (ZONA II)</i>	<i>229</i>
DATOS XERAIS DE PESCA FRESCA POR TIPO DE CAPTURA.....	229
DISTRIBUCIÓN DAS CAPTURAS NA ZONA II POR LONXAS.....	230
PRINCIPAIS ESPECIES NA LONXA DE CAMPELO	231
PRINCIPAIS ESPECIES NA LONXA DE MARÍN	232
FORESTAL	234
<i>SUPERFICIES FORESTAIS E INCENDIOS.....</i>	<i>235</i>
SUPERFICIE FORESTAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA.....	235
INCENDIOS FORESTAIS DO DISTRITO XIX.....	236
COMUNIDADES E MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN	237
ÁREAS FORESTAIS RECREATIVAS EN PONTEVEDRA E A SÚA CONTORNA	238
PARQUE DE VEHÍCULOS E PERMISOS DE CONDUCCIÓN	239
<i>MATRICULACIÓN DE VEHÍCULOS.....</i>	<i>240</i>
MATRICULACIÓN DE VEHÍCULOS POR CONCELLO DE RESIDENCIA NAS SETE CIDADES GALEGAS	240
<i>PARQUE DE VEHÍCULOS.....</i>	<i>241</i>
PARQUE DE VEHÍCULOS NAS SETE CIDADES GALEGAS	241
DETALLE DO PARQUE DE VEHÍCULOS NAS SETE CIDADES GALEGAS	242
<i>CENSO DE CONDUTORES E CONDUTORAS.....</i>	<i>243</i>
CENSO DE CONDUTORES NAS SETE CIDADES GALEGAS	243
DETALLE DO CENSO DE CONDUTORES NAS SETE CIDADES GALEGAS.....	244

IMPOSTOS E DÉBEDA VIVA	246
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF).....	247
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS, RENDIMENTO MEDIO DECLARADO DAS SETE CIDADES GALEGAS.....	247
DECLARACIÓNS POR TRAMOS DE BASE IMPOÑIBLE DAS SETE CIDADES GALEGAS	248
DÉBEDA VIVA	249
DÉBEDA VIVA DAS SETE CIDADES GALEGAS	249
IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	250
EMPRESAS QUE PAGAN IAE.....	250
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA	251
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DAS SETE CIDADES GALEGAS	251
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DAS SETE CIDADES GALEGAS	252
ÁREAS LOXÍSTICAS E EMPRESARIAIS DA ÁREA DE INFLUENCIA	254
POLÍGONOS INDUSTRIÁIS	255
POLÍGONOS INDUSTRIAIS DA ÁREA DE INFLUENCIA	255
POLÍGONOS INDUSTRIÁIS DA ÁREA DE INFLUENCIA	256
POLÍGONOS INDUSTRIÁIS DA ÁREA DE INFLUENCIA	257
POLÍGONOS INDUSTRIÁIS DA ÁREA DE INFLUENCIA	258
TRÁFICOS PORTUARIOS	259
BUQUES MERCANTES ENTRADOS NOS PORTOS DE TITULARIDADE ESTATAL E UNIDADES DE ARQUEO	259
TRANSPORTE MARÍTIMO DE MERCADORÍAS NOS PORTOS DE TITULARIDADE ESTATAL	260
DETALLE DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS DO PORTO DE MARÍN	261
PLANO DO PORTO DE MARÍN	262
BRILAT “GALICIA” VII BASE GENERAL MORILLO	264
BRILAT “GALICIA” VII.....	265
APORTACIÓN ECONÓMICA DA BRILAT	265
APORTACIÓN ECONÓMICA	265
OUTRAS INFORMACIÓNS DE IMPACTO SOCIOECONÓMICO DA BRILAT.....	266
ATLAS ESTATÍSTICO	267
INDICADORES DE POSICIONAMENTO – COMPARATIVA COAS SETE GRANDES CIDADES	285
TÁBOA DE INDICADORES DE POSICIONAMENTO	286
COHESIÓN SOCIAL.....	286
ECONOMÍA E EMPRESA	289
ANEXOS	291
ACLARACIÓNS TERMINOLÓXICAS	292
LISTA DE FIGURAS E MAPAS	296
EQUIPO DE TRABALLO E GRUPO DE ASESORAMENTO	306
CONTACTO.....	307

INTRODUCCIÓN

DEFINICIÓN

O **Observatorio Urbano de Pontevedra** configúrase como un sistema ou plataforma de información estruturada, con carácter aberto, para xestionar a **información local de diferentes ámbitos** (social, económico, territorial,...) e o seu posicionamento con respecto a outras áreas de referencia.


O Observatorio Urbano de Pontevedra parte dunha formulación **sustentable** a curto e medio prazo, cun enfoque **modular** e **multidisciplinar** que dota ao sistema da flexibilidade necesaria para evolucionar paulatinamente en función dos recursos dispoñibles, de tal xeito que se dote á cidade de Pontevedra dun **sistema de información útil e accesible**.

OBJECTIVOS

- Proporcionar á **Administración Local** e aos **Axentes Sociais** a **información obxectiva necesaria para a toma de decisións** no marco do desenvolvemento local, a mellora da prestación de servizos á cidadanía, así como o incremento da interacción entre os axentes sociais.
- **Informar á cidadanía** dos principais datos relacionados co Concello, mediante o acceso a información estruturada para a súa **fácil interpretación**, satisfacendo as crecentes demandas de información e transparencia, e transmitindo a información máis relevante para a incrementar o coñecemento e a dinámica das **redes de actores sociais existentes e dos niveis de calidade de información**.



PRINCIPIOS REITORES




AXENTES IMPLICADOS

A cantidade e dispersión dos datos fai do **proceso de construción do Observatorio Urbano de Pontevedra** (deseño de indicadores, identificación de fontes de información, captación de datos, tratamento, análise e difusión da información), unha tarefa complexa na que a **implicación, compromiso e a colaboración** dos diferentes axentes (públicos, económicos e sociais) é imprescindible á hora de desenvolver o modelo de indicadores e proporcionar os datos de base e a información especializada no seu ámbito de actuación.



ESTRUTURA E SISTEMA DE INDICADORES




* Bloques opcionais a engadir de cara a integrar e desenvolver a información existente na web do Concello de Pontevedra tendo en conta ademais as obrigas derivadas do cumprimento da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

* Estrutura inicial consensuada con membros do CES (entre setembro e novembro de 2014)




ALCANCE TERRITORIAL

Concello de Pontevedra, se ben na medida da dispoñibilidade proporcionarase información en perspectiva comparada das sete grandes cidades de Galicia.





PRESENTACIÓN DA INFORMACIÓN

A maiores da posibilidade no futuro de presentación da información a través dunha plataforma informática de libre acceso, nas Fases iniciais prevese a realización de boletíns periódicos a medida que os datos son actualizados nas fontes oficiais que darán lugar a un **informa anual**. A información presentarase de forma atractiva e comprensible de cara facilitar a súa interpretación, para o que se empregará simboloxía e cores, en liñas xerais conforme a seguinte figura podendo existir variacións neste deseño en función das necesidades da información a tratar:



TRABALLO REALIZADO E RETOS DE FUTURO



NOTA:

* O desenvolvemento futuro do Observatorio Urbano dependerá dos recursos e capacidades económica dispoñibles

BLOQUE

COHESIÓN SOCIAL

ÁMBITO

POBOACIÓN


CENSO DE POBOACIÓN

POBOACIÓN POR ENTIDADE COLECTIVA

- O núcleo de Pontevedra representa o 76,53% da poboación do Concello cunha tendencia á concentración dende o 2010 nas que as perdas de poboación son a norma no resto das entidades do Concello no período consultado.
- O crecemento da entidade colectiva de Pontevedra está a neutralizar a lixeira perda de poboación rexistrada na maioría de entidades dende o ano 2013, chegando a presentar o conxunto do concello un lixeiro incremento do 1,69%.

Figura 1

Poboación por entidade colectiva, 2015-2019



ENTIDADE COLECTIVA	2015	2016	2017	2018	2018	Variación 2014-2018	% do total
ALBA	753	756	759	734	719	-4,52%	0,85%
BORA	755	740	736	725	722	-4,37%	0,85%
CAMPAÑO	1.871	1.851	1.850	1.833	1.859	-0,64%	2,19%
CANICOUVA (A)	249	251	250	254	246	-1,20%	0,29%
CERPONZÓNS	742	737	736	711	708	-4,58%	0,83%
LEREZ	1.721	1.730	1.727	1.712	1.696	-1,45%	2,00%
LOURIZÁN	3.107	3.099	3.101	3.098	3.024	-2,67%	3,57%
MARCÓN	2.124	2.111	2.112	2.077	2.043	-3,81%	2,41%
MOURENTE	1.996	2.042	2.049	2.028	2.014	0,90%	2,37%
PONTE SAMPAIO	1.061	1.060	1.066	1.067	1.056	-0,47%	1,25%
PONTEVEDRA	63.000	63.522	63.537	63.982	64.909	3,03%	76,53%
SALCEDO	2.099	2.057	2.058	2.027	2.043	-2,67%	2,41%
SANTA MARÍA DE XEVE	865	834	830	804	799	-7,63%	0,94%
TOMEZA	1.007	1.003	1.003	1.000	984	-2,28%	1,16%
VERDUCIDO	914	916	918	905	897	-1,86%	1,06%
VIRXE DO CAMIÑO (A)	59	61	59	64	56	-5,08%	0,07%
XEVE	1.084	1.075	1.066	1.053	1.042	-3,87%	1,23%
TOTAL	83.407	83.845	83.857	84.074	84.817	1,32%	100,00%

> Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello de Pontevedra.


*Os datos do Concello difiren dos datos do Censo de Poboación do IGE

POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS

- O Concello de Pontevedra supón o 8,38% da poboación residente nas sete cidades galegas.
- Santiago, A Coruña e Pontevedra son as cidades con maior crecemento da poboación no período 2015 – 2019 (1,72%, 0,75% e 0,59% respectivamente. Ourense e Ferrol son as únicas cidades onde a poboación descendeu en 2019 respecto ao ano anterior.

Figura 2

Peso da poboación nas sete cidades galegas, 2019 e evolución.



	2015	2016	2017	2018	2019	Variación 2015-2019
Pontevedra	82.539	82.549	82.671	82.802	83.029 ▲	0,59%
Vigo	294.098	292.817	292.986	293.642	295.364 ▲	0,43%
A Coruña	243.870	243.978	244.099	244.850	245.711 ▲	0,75%
Santiago	95.612	95.966	96.456	96.405	97.260 ▲	1,72%
Ferrol	69.452	68.308	67.569	66.799	66.065 ▼	-4,88%
Lugo	98.134	98.268	97.995	98.025	98.276 ▲	0,14%
Ourense	106.231	105.893	105.636	105.505	105.233 ▼	-0,94%
TOTAL 7 CIDADES	989.936	987.779	987.412	988.028	990.938 ▲	0,49%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE: INE. Padrón municipal de habitantes Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro (02/01/2020)

DENSIDADE DE POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS

- Santiago e Pontevedra son as cidades das sete grandes galegas nas que se incrementou a maior ritmo a densidade poboacional entre 2015 e 2019 (2,09% e 0,75% respectivamente).

Figura 3

Densidade poboacional das grandes cidades, 2019 e evolución da densidade de poboación das sete cidades galegas, Habitantes/Km², 2015-2019.



	2015	2016	2017	2018	2019	Variación 2015-2019
Pontevedra	681,70	682,7	683,6	685,9	686,8 ▲	0,75%
Vigo	2.642,30	2.638,0	2.639,1	2.621,7	2.625,7 ▲	-0,63%
A Coruña	6.377,50	6.378,7	6.375,1	6.404,5	6.408,7 ▲	0,49%
Santiago	436,30	437,3	439,6	441,3	445,4 ▲	2,09%
Ferrol	830,40	818,0	808,9	800,2	793,9 ▼	-4,40%
Lugo	294,0	294,5	294,0	294,5	294,8 ▲	0,27%
Ourense	1.229,30	1.222,5	1.219,6	1.219,7	1.220,1 ▲	-0,75%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE a partir de cifras poboacionais de referencia (07-02-2020).
Non coincidente co Padrón Municipal de Habitantes


ESTRUTURA DA POBOACIÓN

ESTRUTURA DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS

- O Concello de Pontevedra ten significativamente a idade media máis baixa dos sete concellos máis importantes de Galicia (44,1 anos), posición que se mantén nos seis últimos anos. A idade media da poboación está a medrar nas sete grandes cidades.
- Entre estas sete grandes cidades, Pontevedra é o concello cos mellores porcentaxes de poboación máis nova (18,8%) e coa poboación menos avellentada (20%).

Figura 4

Estrutura da poboación das sete cidades galegas e idade media da poboación, 2019



	Idade media poboación		0-20 anos (%)	20-64 anos (%)	+64 anos (%)
	2018	2019			
Pontevedra	43,8	44,1 ▲	18,8 ▼	61,2	20,0 ▲
Vigo	45,1	45,4 ▲	17,4=	60,6	22,1 ▲
A Coruña	46,2	46,4 ▲	16,5 ▲	59,3	24,2 ▲
Santiago	45,1	45,3 ▲	17,0=	61,4	21,6 ▲
Ferrol	48,6	48,8 ▲	14,8=	57,5	27,8 ▲
Lugo	44,9	45,2 ▲	17,7=	61,2	21,2 ▲
Ourense	46,6	46,8 ▲	16,9=	57,9	25,2 ▲

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE indicadores demográficos (20-03-2020).

Atendendo a unha solicitude de información do Consello Económico e Social de Pontevedra a poboación comprendida entre os 30 e os 54 anos é de 31.588 (38,04% do total) no concello de Pontevedra.


TAXAS POBOACIONAIS

TAXAS DE NATALIDADE, MORTALIDADE E NUPCIALIDADE DAS SETE CIDADES GALEGAS

- O concello de Lugo xunto co de Santiago presentan as mellores taxas de natalidade das sete grandes cidades galegas (7,6‰) no ano 2018, por diante de Pontevedra (7,24‰). Este indicador non aumentou respecto ao ano anterior en ningunha das sete grandes cidades.
- En 2018, a menor taxa de mortalidade das cidades galegas corresponde ao concello de Pontevedra cun 9,33‰. Só Santiago e Lugo contan cunha evolución positiva respecto a 2017. Sitúase en 2º lugar Santiago cun 9,54‰.
- A taxa de nupcialidade vai dende o 2,99‰ en Ourense ao 3,84‰ de Lugo.

Figura 6

Taxas poboacionais das sete grandes cidades, 2018



$$\text{Taxa de natalidade} = \frac{\text{Número de nacementos do período}}{\text{Poboación total}} \times 1000$$

$$\text{Taxa de nupcialidade} = \frac{\text{Número de casamentos do período}}{\text{Poboación total}} \times 1000$$

$$\text{Taxa de mortalidade} = \frac{\text{Número de falecementos do período}}{\text{Poboación total}} \times 1000$$


	Taxa de natalidade (‰)	Taxa de mortalidade (‰)	Taxa de nupcialidade (‰)
Pontevedra	7,24 ▼	9,33 ▲	3,22 ▼
Vigo	6,72 ▼	9,75 ▲	3,18 ▼
A Coruña	6,94 ▼	10,84 ▲	3,65 ▼
Santiago	7,6 ▼	9,54 ▼	3,59 ▼
Ferrol	5,13 ▼	14,81 ▲	3,14 ▼
Lugo	7,6 ▼	9,82 ▼	3,84 ▼
Ourense	5,99 ▼	11,57 ▲	2,99 ▼

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE indicadores demográficos (20-03-2020).
 Ver definicións no Anexo Aclaracións Terminolóxicas.

TAXAS DE NATALIDADE, MORTALIDADE E NUPCIALIDADE DAS SETE CIDADES GALEGAS

Figura 7

Evolución da taxa de natalidade, mortalidade e nupcialidade das sete grandes cidades, 2012-2018




IDADE MEDIA DA NAI AO NACEMENTO DO PRIMEIRO FILLO E Nº ESPERADO DE FILLOS POR MULLER DAS SETE CIDADES GALEGAS

- A idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo sitúase en torno aos 32 anos. A cidade mellor posicionada é Ferrol encabezando as sete grandes cidades cunha idade media da nai de 30,18. En Pontevedra (ao igual que en Santiago e Ferrol) a idade media da nai descendeu no último ano ata os 32,46 anos e ocupando así a 6ª posición das 7 grandes cidades.
- Pontevedra en 2018 atópase nunha segunda posición no caso do nº de fillos esperado por muller (1,12). Encabeza a lista Lugo con 1,18 mentres que a pecha Ferrol con 0,98 fillos por muller.

Figura 8

Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo e nº esperado de fillos por muller nas sete cidades galegas 2018, e evolución 2017-2018




	Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo		Nº esperado de fillos por muller	
	2017	2018	2017	2018
Pontevedra	32,48	32,46 ▼	1,14	1,12 ▼
Vigo	32,14	32,16 ▲	1,15	1,05 ▼
A Coruña	32,33	32,4 ▲	1,13	1,08 ▼
Santiago	33,65	33,45 ▼	1,14	1,09 ▼
Ferrol	31,04	30,18 ▼	1,07	0,98 ▼
Lugo	31,45	31,63 ▲	1,29	1,18 ▼
Ourense	32	32,06 ▲	1,15	0,99 ▼

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE indicadores demográficos (20-03-2020).

IDADE MEDIA DA NAI AO NACEMENTO DO PRIMEIRO FILLO E Nº ESPERADO DE FILLOS POR MULLER DAS SETE CIDADES GALEGAS

Figura 9

Evolución da idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo e do índice sintético de fecundidade das sete grandes cidades, 2012-2018




TAXAS ESTRUTURAIS DA POBOACIÓN

TAXAS DA ESTRUCTURA DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS

- Pontevedra presenta a poboación menos avellentada das 7 cidades, coa menor relación entre poboación maior de 64 anos sobre o total (20,51%). Tamen é a que ten mellor porcentaxe de poboación entre 20 a 29 anos con relación a de 55 a 64 (taxa de substitución ou tamén chamada taxa de renovación da poboación activa 70,60%). De igual xeito sitúase en primeira posición en canto a tasa de dependencia (52,30%) que é a relación entre os menores de 15 máis e os maiores de 64 respecto a poboación entre 15 e 64 anos.
- En canto a relación entre poboación de 0 a 4 anos e as mulleres de 15 a 49, a taxa de maternidade, Santiago presenta o mellor rexistro cun 19,08%. Pontevedra atópase en terceira posición cun 17,52%.
- A taxa de tendencia de Pontevedra é de 82,57%, só Ferrol presenta un dato máis baixo, o que significa que a poboación entre 0-4 anos é inferior á poboación entre 5-9, explicable polo seu descenso progresivo dende 2010, aínda que este descenso estase a frear.
- Ourense presenta a mellor taxa de lonxevidade con 54,26% (relación entre a poboación maior de 74 e a maior de 64), no extremo oposto atópanse Pontevedra, Santiago e Vigo.

Figura 10

Evolución das taxas estruturais da poboación na Cidade de Pontevedra, 2014-2018 e Taxas de estrutura da poboación nas sete grandes cidades 2018



$$\text{Taxa de dependencia} = \frac{\text{Poboación} < 15 + \text{Poboación} > 64}{\text{Poboación de 15 a 64}} \times 100$$

$$\text{Taxa de maternidade} = \frac{\text{Poboación de 0 a 4}}{\text{Mulleres de 15 a 49}} \times 100$$

$$\text{Taxa de tendencia} = \frac{\text{Poboación de 0 a 4}}{\text{Poboación de 5 a 9}} \times 100$$

$$\text{Taxa de lonxevidade} = \frac{\text{Poboación} > 74}{\text{Poboación} > 64} \times 100$$

$$\text{Taxa de envellecemento} = \frac{\text{Poboación} > 64}{\text{Poboación total}} \times 100$$

$$\text{Taxa de substitución} = \frac{\text{Poboación de 20 a 29}}{\text{Poboación de 55 a 64}} \times 100$$

* Ver fórmulas no anexo	Taxa de Dependencia	Taxa de Maternidade	Taxa de Tendencia	Taxa de Lonxevidade	Taxa de Envellecemento	Taxa de Substitución
Pontevedra	52,30% ▲	17,52% ▼	82,56% ▼	48,56% ▲	20,51% ▲	70,60% ▼
Vigo	54,29% ▲	16,98% ▼	84,52% ▼	48,66% ▲	22,36% ▲	67,94% ▼
A Coruña	58,18% ▲	17,45% ▼	88,43% ▼	50,86% ▲	24,56% ▲	65,21% ▲
Santiago	53,64% ▲	19,08% ▼	94,67% ▼	48,62% ▲	21,89% ▲	66,76% ▼
Ferrol	63,10% ▲	14,96% ▼	79,63% ▼	51,40% ▲	28,09% ▲	54,53% ▼
Lugo	53,67% ▲	18,56% ▼	91,50% ▼	52,95% ▲	21,74% ▲	65,60% ▼
Ourense	60,73% ▲	16,65% ▼	84,95% ▼	54,26% ▲	25,72% ▲	67,07% ▼

> Fonte: Elaboración propia a partir dos datos poboacionais do IGE: Poboación segundo grupos quinquenais (03-02-2020)


POBOACIÓN MENOR DE 4 ANOS

POBOACIÓN MENOR DE 4 ANOS NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Estase a rexistrar un descenso xeneralizado de poboación menor de 4 anos en tódalas grandes cidades de Galicia, este descenso repercute negativamente na taxa de tendencia (relación entre poboación de 0 a 4 con respecto a de 5 a 9 anos en %) tal como se viu no apartado de TAXAS ESTRUTURAIS DA POBOACIÓN.
- Na cidade de Pontevedra a poboación menor de 4 anos acadou o seu mínimo da serie analizada en 2019 con 3.299 menores.
- A variación porcentual no período 2015-2019 foi negativa nas 7 cidades sendo Ferrol a cidade en que máis descendeu este rango poboacional cun 13,69% seguido de Ourense (-12,35%). Santiago é a cidade na que en cae en menor medida, rexistrando un descenso do 3,14%. Pontevedra sitúase no -10,67%, a terceira con maior incidencia.
- En canto ao peso da poboación menor de 4 anos sobre o total, Santiago e Lugo sitúanse nas primeiras posicións (4,29% e 4,22% respectivamente). Pontevedra sitúase nun terceiro lugar cun 3,97% (3.299 menores, 47,60% mulleres).

Figura 11

Peso da poboación menor de 4 anos nas grandes cidades de Galicia, 2015-2019 e distribución por sexo na Cidade de Pontevedra, 2002-2019



	2015	2016	2017	2018	2019	Variación 2015/2019	Peso sobre a poboación 2019
Pontevedra	3.693	3.642	3.504	3.408	3.299 ▼	-10,67%	3,97%
Vigo	12.301	11.957	11.723	11.441	11.029 ▼	-10,34%	3,73%
A Coruña	10.368	10.214	10.045	9.831	9.475 ▼	-8,61%	3,86%
Santiago	4.304	4.290	4.349	4.270	4.169 ▼	-3,14%	4,29%
Ferrol	2.271	2.136	2.053	2.008	1.960 ▼	-13,69%	2,97%
Lugo	4.414	4.443	4.373	4.295	4.144 ▼	-6,12%	4,22%
Ourense	4.355	4.252	4.145	4.043	3.817 ▼	-12,35%	3,63%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Cifras poboacionais de referencia (31-01-2020). As cifras correspondentes ao ano 2017 foron modificadas coa difusión das cifras do ano 2018, debido a actualizacións nas cifras do INE.


MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN DAS SETE CIDADES GALEGAS

- As sete grandes cidades galegas presentan un saldo vexetativo negativo por quinto ano consecutivo, sendo Pontevedra e Santiago onde este descenso e menos pronunciado (-251 e -215 persoas respectivamente).
- O número de defuncións na cidade de Pontevedra mantívose ata o ano 2015 por debaixo de 700 defuncións, se ben nos últimos catro anos rexistrouse un incremento superando ás 700, cun leve descenso no último ano do que hai datos.
- O número de nacementos na cidade de Pontevedra diminuíu dende o ano 2008 (907) ata a actualidade (497) sendo o saldo vexetativo negativo de forma continuada dende 2015.

Figura 12

Saldo vexetativo na cidade de Pontevedra: nacementos – defuncións, 2002 – 2019 e evolución nas sete grandes cidades, 2015-2019



	2015	2016	2017	2018	2019
Pontevedra	-3	-120	-121	-170 ▼	-251
Vigo	-428	-588	-473	-867 ▼	-826
A Coruña	-568	-732	-746	-946 ▼	-879
Santiago	-86	-9	-122	-189 ▼	-215
Ferrol	-528	-485	-515	-638 ▼	-499
Lugo	-207	-222	-194	-216 ▼	-368
Ourense	-401	-452	-410	-576 ▼	-580

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE (31-07-2020). Datos segundo o concello de residencia.

*Os datos de 2018 son agora definitivos, os de 2019 son provisionais.


POBOACIÓN ESTRANXEIRA

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN CON NACIONALIDADE ESTRANXEIRA
NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre 2015 e 2019 incrementouse a poboación con nacionalidade estranxeira nas sete grandes cidades galegas entre un 8,21% en Vigo e un 27,21% en Santiago. En Pontevedra incrementouse un 11,07% nos últimos 5 anos.
- A poboación estranxeira residente no Concello de Pontevedra sitúase en 2019 nas 3.190 persoas o que supón un 3,84% da poboación total (83.029 segundo os datos do IGE).

Figura 13

Porcentaxe (%) de poboación con nacionalidade estranxeira nas grandes cidades de Galicia 2004-2019, e da poboación estranxeira (nº) nas sete grandes cidades 2015-2019



	2015	2016	2017	2018	2019	Variación 2015-2019	% estranxeiros sobre a poboación 2019
Pontevedra	2.872	2.796	2.769	2.920	3.190 ▲	11,07%	3,84%
Vigo	13.322	12.298	12.272	12.989	14.416 ▲	8,21%	4,88%
A Coruña	10.753	10.448	10.463	11.624	12.925 ▲	20,20%	5,26%
Santiago	3.624	3.739	3.749	4.018	4.610 ▲	27,21%	4,74%
Ferrol	1.558	1.464	1.452	1.591	1.690 ▲	8,47%	2,56%
Lugo	4.617	4.632	4.441	4.637	5.253 ▲	13,78%	5,35%
Ourense	4.687	4.633	4.596	4.844	5.359 ▲	14,34%	5,09%


SALDOS MIGRATORIOS

SALDO MIGRATORIO DAS SETE CIDADES GALEGAS

- O ano 2019 foi o segundo ano consecutivo dende 1990 no que o saldo migratorio foi positivo en tódalas grandes cidades de Galicia. En números absolutos destaca o saldo positivo de A Coruña e Vigo (máis de 2.000).
- Tras uns anos de descenso no saldo migratorio chegando en 2013 a ter un saldo negativo, nos últimos anos a situación inverteuse encadeando 6 anos de crecemento continuado do saldo migratorio na cidade de Pontevedra, acadando en 2019 un saldo positivo de 536 persoas.
- No ano 2019, en Pontevedra é maior a poboación que ven do resto de España e o estranxeiro que a que se vai a ditos destinos dando como resultado un saldo migratorio externo positivo de 536. Neste último ano, ao igual que os dos anteriores, tamén ven máis poboación da que se vai ao resto da provincia e de Galicia (saldo interno positivo de 76).

Figura 14

Evolución do saldo migratorio (saldo interno + saldo externo) da cidade de Pontevedra 2000-2019 e nas sete grandes cidades



Saldo externo: É a diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa.(co resto de España e co estranxeiro).

Saldo interno: É a diferenza entre a inmigración interna e a emigración interna (intraprovincial e co resto de Galicia).


SALDO MIGRATORIO	2015	2016	2017	2018	2019
Pontevedra	140	303	365	375	536 ▲
Vigo	75	1.001	-1.577	1.153	2.481 ▲
A Coruña	781	559	2.090	1.284	2.884 ▲
Santiago	394	524	597	1.083	964 ▼
Ferrol	-454	-280	-174	12	67 ▲
Lugo	419	108	375	349	768 ▲
Ourense	62	287	432	522	927 ▲

SALDO INTERNO DAS SETE CIDADES GALEGAS

- O saldo interno da Cidade de Pontevedra permanece en cifras positivas dende hai 10 anos en torno as 100 persoas. Neste último ano en concreto acadou as 76 persoas, situándose en segunda posición entre as sete grandes cidades galegas.
- A Pontevedra ven máis poboación procedente do resto da provincia e de Galicia que a que se vai aos mesmos destinos (76) de igual xeito que acontece con Santiago, cidade co mellor saldo interno positivo (104) fronte aos saldos negativos de Ferrol (-289), Lugo (-178) ou Ourense(-121).

Figura 15

Evolución do detalle do saldo interno na cidade de Pontevedra 2000 – 2019 e evolución do saldo interno nas sete cidades galegas 2015-2019



Existen dous tipos de saldo migratorio interno: o intraprovincial e o do resto de Galicia. O primeiro correspóndese coa diferenza entre as altas no concello procedentes do resto da provincia e as baixas con destino na mesma, e o segundo é a diferenza entre as altas no concello procedentes das restantes provincias de Galicia e as baixas con destino nesas mesmas provincias.


SALDO INTERNO	2015	2016	2017	2018	2019
Pontevedra	66	176	125	48	76 ▲
Vigo	312	388	568	592	25 ▼
A Coruña	560	293	-132	-201	23 ▲
Santiago	357	309	128	268	104 ▼
Ferrol	-231	-171	-194	-351	-289 ▲
Lugo	247	-33	54	-139	-178 ▼
Ourense	168	134	58	-317	-121 ▲

SALDO EXTERNO DAS SETE CIDADES GALEGAS

- No ano 2019 o saldo externo nas grandes cidades galegas presentou uns rexistros relevantes con saldos que ían das 356 persoas de Ferrol ás 2.861 de A Coruña, rexistros todos eles positivos e que se sitúan por riba da tónica habitual dos últimos anos.
- Pontevedra posúe no ano 2019 o segundo saldo externo máis baixo das sete grandes cidades a pesar de ter un saldo positivo de 460 persoas.

Figura 16

Evolución do detalle do saldo externo na cidade de Pontevedra 2000 – 2019 e evolución do saldo externo nas sete cidades galegas 2015-2019



Existen dous tipos de saldo migratorio externo: co resto de España (diferenza entre as altas procedentes das outras comunidades autónomas e as baixas con destino nas mesmas), e co estranxeiro (diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino).

SALDO EXTERNO	2015	2016	2017	2018	2019
Pontevedra	74	127	240	327	460 ▲
Vigo	-237	613	-2.145	561	2.456 ▲
A Coruña	221	266	2.222	1.485	2.861 ▲
Santiago	37	215	469	815	860 ▲
Ferrol	-223	-109	20	363	356 ▼
Lugo	172	141	321	488	946 ▲
Ourense	-106	153	374	839	1.048 ▲

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE Saldos migratorios (31/08/2020)


POBOACIÓN SEGUNDO RELACIÓN ENTRE LUGAR DE NACEMENTO E RESIDENCIA

POBOACIÓN SEGUNDO RELACIÓN ENTRE LUGAR DE NACEMENTO E RESIDENCIA NAS SETE CIDADES GALEGAS

- No conxunto das sete grandes cidades de Galicia arredor do 50% da súa poboación naceu no mesmo concello en que reside, movéndose entre o 46,42% de Ourense e o 60,98% de Ferrol. Pontevedra acada unha porcentaxe do 56,41%.
- Na composición da procedencia da poboación residente dos diferentes concellos, o segundo grupo por importancia é o dos nados noutros concellos da mesma provincia que responde a tendencia á concentración nas grandes cidades de poboación procedente do rural ou pequenas vilas. O caso de Ourense e Lugo (26,99% e 26,06% son sintomáticas). Vigo é a cidade que ten menos porcentaxe con diferenza neste colectivo (11,09%) e único caso na que os procedentes doutras provincias galegas superan aos procedentes da mesma provincia (12,24%).

Figura 17

Poboación segundo relación entre lugar de nacemento e residencia nas sete cidades galegas, 2019



	Total	No concello de residencia	Noutro concello da mesma provincia	Noutra provincia de Galicia	Noutra comunidade autónoma	No estranxeiro
Pontevedra	83.029	46.840	16.302	6.865	5.622	7.400
Vigo	295.364	174.788	32.757	36.143	18.806	32.870
A Coruña	245.711	117.390	51.669	25.753	20.404	30.495
Santiago	97.260	50.324	19.876	11.696	5.750	9.614
Ferrol	66.065	40.287	13.830	3.471	4.856	3.621
Lugo	98.276	49.455	25.613	6.134	7.654	9.420
Ourense	105.233	48.848	28.398	8.484	6.564	12.939


RESIDENTES NO ESTRANXEIRO

POBOACIÓN DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA RESIDENTE NO ESTRANXEIRO INSCRITAS NAS SETE CIDADES GALEGAS

- A poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro incrementábase para todas as cidades de Galicia de forma constante nos últimos anos.
- A evolución deste indicador entre 2015 e 2019 ten un significado negativo con incrementos porcentuais entre o 16,12% de Lugo e o 8,28% de Ourense. Pontevedra ocupa a posición intermedia das sete grandes cidades cun incremento do 9,66%.
- A poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro está composta por unha maioría de mulleres, entre o 50,58% de A Coruña e o 52,31% de Lugo.

Figura 18

Distribución da poboación residente no estranxeiro segundo o sexo no Concello de Pontevedra 2019 e evolución das sete grandes cidades galegas



	2015	2016	2017	2018	2019	Variación 2015-2019
Pontevedra	15.494	16.015	16.450	16.724	16.990 ▲	9,66%
Vigo	23.048	23.846	24.397	24.760	25.098 ▲	8,89%
A Coruña	30.142	31.346	32.295	32.816	33.260 ▲	10,34%
Santiago	11.945	12.328	12.580	12.847	12.987 ▲	8,72%
Ferrol	4.560	4.723	4.889	4.985	5.056 ▲	10,88%
Lugo	11.101	11.778	12.306	12.620	12.891 ▲	16,12%
Ourense	24.161	25.059	25.705	25.984	26.161 ▲	8,28%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - INE. Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE). A data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de cada ano. (20-03-2019)



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ÁMBITO


BENESTAR E SAÚDE

SERVIZOS HOSPITALARIOS
HOSPITAIS E CAMAS NAS SETE CIDADES GALEGAS

